

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36020258	IES Nº 1	A Estrada	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obligatoria	Lingua castelá e literatura	1º ESO	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introdución	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	9
4.1. Concrecións metodolóxicas	25
4.2. Materiais e recursos didácticos	26
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	27
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	27
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	28
6. Medidas de atención á diversidade	28
7.1. Concreción dos elementos transversais	29
7.2. Actividades complementarias	30
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	32
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	33
9. Outros apartados	33

## 1. Introdución

O currículo da Educación Secundaria Obrigatoria pretende garantir unha formación adecuada e integral, que se centre no desenvolvemento das competencias e que sexa equilibrada, porque incorpora na súa xusta medida compoñentes formativos asociados á comunicación, á formación artística, ás humanidades, ás ciencias, á tecnoloxía e á actividade física. Unha das finalidades da Educación Secundaria Obrigatoria consiste en lograr que as alumnas e os alumnos adquiran os elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos humanístico e artístico, científico-tecnolóxico e motor.

O eixe do currículo da materia de Lingua Castelá e Literatura constitúeno as competencias relacionadas coa interacción oral, escrita e audiovisual adecuadas nos distintos ámbitos e contextos e en función de diferentes propósitos comunicativos, así como co fomento do hábito lector, da interpretación de textos literarios e non literarios (académicos, sociais e propios da vida cotiá) e da apropiación dun patrimonio cultural. A reflexión explícita sobre o funcionamento da lingua proporciona a ferramenta necesaria para desenvolver a conciencia lingüística e mellorar os procesos de expresión, comprensión e recepción crítica de textos ámbitos.

Os obxectivos da materia de Lingua Castelá e Literatura na Educación Secundaria Obrigatoria supoñen unha progresión con respecto aos acadados na Educación Primaria, dos que haberá que partir nesta nova etapa, para pasar dun acompañamento guiado a outro progresivamente autónomo. Esta evolución supón, alén diso, unha maior diversidade e complexidade das prácticas discursivas. Agora a atención céntrase no uso da lingua nos ámbitos educativo e social, sublíñase o papel das convencións literarias e do contexto histórico na comprensión dos textos literarios e outórgaselle un papel máis relevante á reflexión sobre o funcionamento da lingua e os seus usos.

Na Educación Secundaria Obrigatoria, a materia de Lingua Castelá e Literatura ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado nas súas vertentes pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Debe achegar as ferramentas e os coñecementos que articulan os procesos de comprensión e expresión oral e escrita para desenvolverse con éxito en calquera situación comunicativa. O enfoque comunicativo centrado no uso funcional da linguaxe reside na aprendizaxe das destrezas discursivas en diversos ámbitos: o das relacións persoais, o académico, o social e o dos medios de comunicación, cuxo dominio require procedementos e coñecementos explícitos, tanto dos elementos formais, como das normas sociolingüísticas que presiden os intercambios.

A reflexión literaria a través da lectura, a comprensión e interpretación de textos significativos da literatura española e da literatura xuvenil favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos/as estudantes, dálles acceso ao coñecemento doutras épocas e culturas, e enfróntaos a situacións que enriquecen a súa experiencia do mundo e favorecen o coñecemento de si mesmos.

O primeiro dos obxectivos da materia oriéntase cara o recoñecemento da diversidade lingüística e dialectal da nosa contorna, de España e do mundo, co propósito de favorecer actitudes de aprecio á devandita diversidade, de combater prejuízos e estereotipos lingüísticos e de estimular a reflexión interlingüística. Un segundo grupo de obxectivos refirese á producción, comprensión e interacción oral e escrita, incorporando as formas de comunicación mediadas pola tecnoloxía e atendendo aos diferentes ámbitos de comunicación: persoal, educativo, social e profesional. Así, os obxectivos segundo e terceiro relaciónanse coa comunicación oral; o cuarto, coa comprensión lectora e o quinto, coa expresión escrita. A aprendizaxe da lectura estivo durante séculos vinculada de maneira case exclusiva coa lectura literaria, aínda que hai décadas que os enfoques comunicativos subliñan a necesidade de ensinar a ler todo tipo de textos, con diferentes propósitos de lectura. Por outra banda, saber ler hoxe implica tamén navegar e buscar na Rede, seleccionar a información fiable, elaborala e integrala en esquemas propios coa finalidade de transformala en coñecemento. En resposta a iso, o obxectivo sexto pon o foco na alfabetización mediática e informacional, mentres que o séptimo e o oitavo se reservan para a lectura literaria, tanto autónoma coma guiada, na aula. O obxectivo noveno atende á reflexión sobre a lingua e os seus usos, en canto que o décimo, relativo á ética da comunicación, é transversal a todas eles.

Os criterios de avaliación e os contidos organízanse en cinco bloques. O primeiro, «As linguas e os seus falantes», corresponde de maneira directa co obxectivo de apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España para favorecer a reflexión interlingüística e valorar a diversidade como fonte de riqueza cultural. O segundo e o terceiro, relativos á comunicación, integran os contidos implicados na comunicación oral e escrita e na alfabetización informacional,

audiovisual e mediática, vertebrados arredor da realización de tarefas de producción, revisión e edición de textos propios, xunto coa recepción, interpretación e análise crítica de textos alleos. O cuarto bloque, «Educación literaria», recolle as experiencias e os contidos necesarios para consolidar o hábito lector, conformar unha identidade lectora progresivamente autónoma, desenvolver habilidades de interpretación de textos literarios impresos e dixitais e coñecer algunas obras relevantes da literatura española e universal, estimulando á vez a escritura creativa con intención literaria e aproximándose a prácticas culturais emerxentes. O quinto bloque, «Reflexión sobre a lingua», propón a construcción guiada de conclusións sobre o sistema lingüístico, usando para iso a metalinguaxe específica e integrando os niveis morfosintáctico, semántico e pragmático no estudo das formas lingüísticas.

Os cinco bloques de contido establecidos para esta etapa aparecen concretados nesta proposta didáctica para 1º de ESO nas seguintes unidades didácticas:

- A Torre de Babel: unidade na que analizaremos as linguas do mundo como unha fonte de riqueza, partindo da diversidade lingüística de España e do propio centro.
- Comunicando: centrada no estudo do proceso comunicativo e a incidencia dos seus elementos na interpretación das mensaxes orais e escritas.
- Tu risa me hace libre: esta unidade abordará o concepto e a función da literatura como un fenómeno artístico e cultural, vinculado a outras manifestacións mediante o emprego común de temas, estruturas ou códigos de comunicación.
- O misterio das palabras: esta unidade trata de analizar e coñecer mellor o noso sistema de comunicación e de apreciar o que moitos escritores souberon facer con el.
- Cántame un conto: unidade centrada na narración oral do conto nas súas diversas modalidades, tradicional e literaria.
- Viviendo una realidad capturada por las palabras: esta unidade está dedicada ao estudo das principais características dos xéneros narrativo, lírico e dramático.
- Escribir a natureza: Este proxecto céntrase na descripción da natureza más próxima: paisaxes, fauna e flora da comarca.
- Atrapados na rede: Nesta unidade, abordaremos a xestión adecuada da información a través da análise crítica das mensaxes aparecidas nos medios de comunicación.
- Hay arroyos poetas y voces interiores: Nesta unidade, analizaremos algúns dos tópicos más relevantes da literatura española.

Intentamos vertebrar a programación didáctica e o traballo na aula arredor dun conxunto de situacións de aprendizaxe contextualizadas, significativas e relevantes para que, ao termo de cada curso, consiga traballar de maneira proporcionada todos os contidos incluídos no currículo.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas e as características das principais variedades dialectais do español, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prejuízos lingüísticos e valorar esta diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3

<b>Obxectivos</b>	<b>CCL</b>	<b>CP</b>	<b>STEM</b>	<b>CD</b>	<b>CPSAA</b>	<b>CC</b>	<b>CE</b>	<b>CCEC</b>
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formarse unha opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos e participar en interaccións orais cunha actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais coma para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.		3		1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.		1-4		3	1			1-2-3

<b>Obxectivos</b>	<b>CCL</b>	<b>CP</b>	<b>STEM</b>	<b>CD</b>	<b>CPSAA</b>	<b>CC</b>	<b>CE</b>	<b>CCEC</b>
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio nacional e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de producción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

**Descripción:**
**3.1. Relación de unidades didácticas**

<b>UD</b>	<b>Título</b>	<b>Descripción</b>	<b>% Peso materia</b>	<b>Nº sesión</b>	<b>1º trim.</b>	<b>2º trim.</b>	<b>3º trim.</b>
1	La realidad lingüística: lenguas del mundo. Lenguas y dialectos de España.	Nesta unidade, analizaremos as linguas do mundo como unha fonte de riqueza, partindo da diversidade lingüística de España e do propio centro. A partir da reflexión interlingüística, estableceremos as familias lingüísticas e combateremos os prejuízos lingüísticos.	10	6	X		
2	La comunicación lingüística.	Dedicaremos esta unidade ao estudo do proceso comunicativo e á incidencia dos seus elementos, tanto na forma, como na correcta interpretación das mensaxes orais e escritas.	10	12	X		
3	Introducción a la literatura.	A lectura progresivamente autónoma de textos procedentes do patrimonio universal	10	10	X		

<b>UD</b>	<b>Título</b>	<b>Descripción</b>	<b>% Peso materia</b>	<b>Nº sesións</b>	<b>1º trim.</b>	<b>2º trim.</b>	<b>3º trim.</b>
3	Introducción a la literatura.	supón un obxectivo primordial da materia de Lingua Castelá e Literatura. Pero, para que o alumnado utilice eficazmente estratexias e paradigmas aplicables á análise das obras, é necesario dedicar unha unidade introductoria ao recoñecemento dos recursos expresivos e aos seus efectos na recepción como unha característica fundamental da lingua literaria. Por iso, esta unidade abordará o concepto e a función da literatura como un fenómeno artístico e cultural, vinculado a outras manifestacións mediante o emprego común de temas, estruturas ou códigos de comunicación. Neste sentido, a creación dun obradoiro de lectura na aula favorece o establecemento das conexións entre as obras, o seu contexto e outras expresións culturais próximas á actualidade do alumnado, así como o achegamento aos distintos soportes que acollen a obra literaria, incluíndo formatos multimedia.	10	10	X		
4	La palabra.	Utilizamos continuamente a lingua, pero non sempre reflexionamos sobre o que son as palabras, como se crean e se transforman, como se organizan, ou o que se pode facer con elas. En esencia, diso trata esta unidade: de analizar e coñecer mellor o noso sistema de comunicación máis útil, de manexalo con soltura e de apreciar o que moitos escritores e escritoras souberon facer con el.	20	21		X	
5	La narración.	A narración é o tipo de textos que xerou máis análises desde os antigos retóricos ata a actualidade. E non é estranxo: as formas narrativas -ficcións ou relatos reais que explican un feito interesante- acompañánnos desde os contos na nenez ata a lectura das noticias xornalísticas. Por iso, é importante que practiquemos tanto a súa correcta expresión como a súa axeitada comprensión.	10	12		X	
6	Los géneros literarios: épica, lírica y dramática.	Un dos propósitos fundamentais da Educación literaria reside na construcción dunha identidade lectora sólida. Para logralo, é esencial a configuración dun corpus formado por obras rexistradas en itinerarios xenéricos, cuxa lectura comparada atenda á evolución dos temas e formas estéticas. Dedicaremos, por tanto, esta unidade ao estudio das principais características dos xéneros narrativo, lírico e dramático, para poder realizar na seguinte unidade literaria unha actividade transversal que aborde a evolución dos	10	10		X	

<b>UD</b>	<b>Título</b>	<b>Descripción</b>	<b>% Peso materia</b>	<b>Nº sesiones</b>	<b>1º trim.</b>	<b>2º trim.</b>	<b>3º trim.</b>
6	Los géneros literarios: épica, lírica y dramática.	mesmos a través do tratamento dos principais tópicos literarios. Na presente unidade, exporase a importancia do xénero narrativo como unha forma de comunicación interxeracional e o modo discursivo ficcional fundamental na tradición literaria de todas as culturas; a relevancia da poesía como vehículo da subxectividade do eu lírico; e a preeminencia do teatro, vinculado ás formas de comunicación verbal e non verbal.	10	10		X	
7	La descripción.	Este proxecto céntrase na descripción da natureza más próxima: paisaxes, fauna e flora da comarca. Tomando como modelo algúns clásicos literarios, o alumnado elaborará por grupos as súas propias propostas e terá que presentalas na clase. En colaboración co departamento de Ciencias naturais, prepararanse fichas técnicas e herbarios para un coñecemento más exhaustivo da nosa contorna. Os diferentes tipos de plantas tamén poderán debuxarse baixo a coordinación do departamento de Artes plásticas.	10	12		X	
8	El uso crítico de internet.	Dedicamos moitas horas para comunicarnos e informarnos a través de internet. Esta posibilidade de contactar de maneira inmediata cun público potencialmente amplísimo e obter datos de todo tipo ao momento supuxo un avance innegable, pero tamén entraña certos riscos para a nosa privacidade. Ademais, esta avalancha de información (non sempre obxectiva nin veraz) esíxenos que esteamos formados para analizar criticamente os datos e as opinións que os medios de comunicación dan a coñecer.	10	12		X	
9	Los tópicos y recursos literarios.	Dedicaremos esta unidade ao estudo dalgúns dos tópicos más relevantes da literatura española (carpe diem; collige, virgo, rosas; beatus ille; locus amoenus; tempus fugit; ubi sunt?) para realizar a continuación unha antoloxía multimedia que conteña os textos más representativos que teñan cultivado os ditos universais temáticos, acompañados de imaxes, arquivos sonoros e vídeos explicativos sobre a natureza de cada tópico, para finalizar co recitado e coloquio en clase sobre a formulación dos mesmos nos diferentes textos.	10	10		X	

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
1	La realidad lingüística: lenguas del mundo. Lenguas y dialectos de España.	6

<b>Criterios de evaluación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Recoñecer as linguas oficiais de España e as variedades dialectais do español, con atención especial ao galego e ao castelán, identificando as nocións básicas das linguas, tanto de España como as que forman os repertorios lingüísticos do alumnado, e contrastando algúns do seus trazos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	Proba práctica na que o alumnado deberá, como mínimo, diferenciar as linguas oficiais de España e comparar os trazos característicos básicos do galego e do castelán.	PE	45
CA1.2 - Identificar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna.	O alumnado deberá valorar a riqueza cultural que supón a diversidade lingüística e ser respectuoso coas diferentes linguas e dialectos.		
CA1.3 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua e a manipulación a través da palabra, a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	O alumnado evitará os prexuízos e estereotipos lingüísticos e terá que identificar, como mínimo, os elementos verbais que resulten discriminatorios.	TI	55

Lenda: IA: Instrumento de Evaluación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Observación da propia biografía lingüística e da diversidade lingüística do centro. As familias lingüísticas e as linguas do mundo.</li> <li>- As linguas de España: orixe, distribución xeográfica e nocións básicas. Diferenzas entre plurilingüismo e diversidade dialectal.</li> <li>- Iniciación á reflexión interlingüística.</li> <li>- Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos e exploración de formas de evitálos.</li> </ul>			

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	La comunicación lingüística.	12

<b>Criterios de evaluación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información más relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias precisas.	O alumnado terá que responder a preguntas precisas sobre o sentido global, a intención do emisor, a estrutura do texto e a información más importante.	PE	25
CA3.5 - Organizar a información e integrala en esquemas propios, reelaborala e comunicala de xeito creativo adoptando un punto de vista crítico con relación aos principios de propiedade intelectual.	O alumnado ten que recoñecer o tema e as ideas principais de textos alleos e ser quen de achegar o seu punto de vista persoal.		
CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información más relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os distintos códigos.	O alumnado deberá ser capaz, como mínimo, de captar a idea principal e a información más relevante dos textos orais e multimodais.		
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	En textos orais breves, o alumnado será quen de valorar a calidade, a fiabilidade e os principais procedementos comunicativos empregados para enriquecelos.		
CA2.8 - Explicar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando unha metalinguaxe específica.	O alumnado explicará, como mínimo, a relación entre a intención comunicativa e as eleccións lingüísticas do emisor.		
CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	O alumnado será quen de producir textos narrativos e descriptivos utilizando o rexistro adecuado e presentando as ideas de maneira coherente e cohesionada.	TI	75
CA3.8 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e para a procura de consensos, abarcando tanto o ámbito persoal coma o educativo e o social.	O alumnado realizará unha escucha activa, respectará o turno de palabra, será capaz de expoñer de forma concreta o problema e esforzarse por suxerir todas as alternativas de solución posibles.		
CA5.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, tendo en conta aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Para acadar o mínimo de consecución, o alumnado atopará sinónimos para evitar repeticións innecesarias e incluirá elementos cohesivos que evidencien unha correcta organización do contido.		
CA5.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e fazer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalinguística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, así como identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Como mínimo, o alumnado detectará os errores formais (ortografía e signos de puntuación) e subsanará as incoherencias dos textos propios.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

## Contidos

- Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
  - Análise das componentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos e interpretación de intencións, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.
  - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
  - Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa.
- Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
  - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante.
  - Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.
  - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica.
- Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
  - Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
  - Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Contexto vinculado ás estratexias de producción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
  - Elaboración de textos orais tendo en conta as componentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos: canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da producción de textos orais, escritos e multimodais.
  - Participación en xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa.
- Procesos de producción de textos orais, escritos e multimodais.
  - Producción oral formal: planificación e procura de información, creación e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.
  - Producción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de apuntamentos, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
  - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
  - Utilización dos signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación das unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e o sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, componentes das oracións ou conexión entre os significados).
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Introducción a la literatura.	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información más relevante e a intención do emisor en textos literarios escritos e multimodais sinxelos, respondendo a diferentes propósitos de lectura.	O alumnado será capaz, como mínimo, de captar a idea principal e a información más relevante dos textos literarios escritos.	PE	40
CA4.3 - Valorar a forma e o contido de textos literarios sinxelos avaliando a súa calidad e a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	En textos literarios sinxelos, o alumnado deberá localizar os principais recursos expresivos e valorar o seu efecto sobre o receptor.		
CA4.7 - Establecer, de xeito guiado, vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura.	O alumnado deberá ser capaz de relacionar os textos en relación co emprego común de temas, estruturas ou códigos de comunicación.		
CA4.8 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, partindo da lectura de obras ou anacos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado será quen de producir textos de intención literaria empregando os recursos expresivos aprendidos.		
CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	O alumnado será quen de producir textos utilizando o rexistro adecuado e presentando as ideas de maneira coherente e cohesionada.	TI	60
CA3.4 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, segundo os aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, procurando a precisión léxica e a corrección ortográfica e gramatical.	Para acadar o mínimo de consecución, o alumnado amosará vontade de estilo na creación de textos de intención literaria.		
CA3.7 - Revisar os textos propios de maneira guiada e fazer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, consultando de forma progresivamente autónoma diccionarios, manuais e gramáticas.	Como mínimo, o alumnado detectará os errores formais (ortografía e signos de puntuación) e subsanará as incoherencias dos textos propios.		
CA3.8 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e para a procura de consensos, abarcando tanto o ámbito persoal coma o educativo e o social.	O alumnado respectará o turno de palabra, será capaz de expoñer de forma concreta os problemas detectados e esforzarse por suxerir todas as alternativas de solución posibles.		

Criterios de avaliação	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Participar de xeito activo e adecuado en interaccións orais informais con relación a obras literarias no traballo en equipo e mais en situacóns orais formais de carácter dialogado (como actos culturais vinculados co circuíto literario e co lector), mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación coloquial e cortesía lingüística.	O alumnado deberá realizar unha escoita activa, respectará as opinións alleas e exporá con claridade as súas achegas.		
CA4.5 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica e lectora.	Para acadar o grao mínimo de consecución, o alumnado participará activamente no obradoiro de lectura, establecendo conexións entre as obras, o seu contexto e outras expresións culturais próximas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procesos de producción de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Producción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de apuntamentos, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc.</li> <li>- Reconocemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.</li> <li>- Utilización dos signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.</li> <li>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de xeito progresivamente autónomo a partir dunha preselección de textos variados que inclúan obras de autoras e autores e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura apoiada en paradigmas.</li> <li>- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de forma orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública disponible.</li> <li>- Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector.</li> <li>- Expresión da experiencia lectora co apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.</li> <li>- Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.</li> <li>- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais.</li> <li>- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura xuvenil contemporánea e do patrimonio literario universal, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.</li> <li>- Estratexias para a construcción compartida da interpretación das obras a través das conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.</li> <li>- Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construcción do sentido da obra. Análise básica do valor dos recursos expresivos e dos seus efectos na recepción.</li> <li>- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos e con outras manifestacións artísticas e culturais en función dos temas, tópicos, estruturas e linguaxes.</li> <li>- Expresión pautada, a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e valoración persoal de obras e fragmentos literarios.</li> </ul>

## Contidos

- Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo literario feminino.
